



## UNIDADE DE CONTRATACIÓN

Ref Cívidas nº 2018025369

### DECRETO:

**Asunto: Proposta de aprobación do expediente de licitación do Servizo de Mantemento de aparellos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol**

Con data do 18.11.2020 a xefa de servizo de Contratación emitiu o seguinte informe proposta sobre o asunto de referencia:

#### **“INFORME-PROPOSTA:**

*Dende a área de Servicos remitiuse á Unidade de Contratación a solicitude de inicio do expediente de licitación do SERVIZO DE MANTEMENTO DE APARELLOS ELEVADORES E PORTAS AUTOMÁTICAS E MOTORIZADAS DO CONCELLO DE FERROL, acompañando a documentación preparatoria do expediente que foi completada en data 10.11.2020.*

*En cumprimento do establecido nos artigos 28, 99, 116 e concordantes da LCSP constan incorporados ao expediente o informe de necesidade do enxeñeiro municipal e a memoria xustificativa da necesidade do contrato redactada pola xefa de sección de servizos, desglose do orzamento do contrato integrado pola suma dos importes do mantemento de cada aparello comprendido na relación do Anexo do Prego de Prescricións Técnicas, o informe técnico xurídico asinado polo enxeñeiro municipal en data 6.11.2020 e pola xefa de sección de servizos en data de data 10.11.2020 no que se xustifican as razóns polas que non se estima conveniente a división en lotes do obxecto do contrato xunto coa proposta de criterios de solvencia, criterios de adxudicación, condicións especiais de execución e demás condicións do contrato e o Prego de Prescricións Técnicas de data 6.11.2020 redactado polo enxeñeiro municipal.*

*Incorpóranse ao expediente os Pregos de Cláusulas Administrativas redactados para este contrato de data 18.11.2020 que xunto cos Pregos de Prescricións Técnicas rexerán a presente contratación.*

*O presente contrato ten como obxectivo a realización dun mantemento tipo todo risco dirixido a garantir o correcto funcionamento dos aparellos elevadores ubicados nos centros dependentes do Concello de Ferrol e realizar as posibles accións correctoras para cumprir coa normativa legal relativa á seguridade e funcionamento dos aparellos sometidos a un réxime legal de mantemento.*

*Nos termos establecidos no artigo 29.4 LCSP, o presente contrato terá unha duración inicial de dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas, cunha duración de un ano cada unha delas (2+1+1).*

*O orzamento de licitación do contrato ascende á cantidade de 129.891,08 € (21% IVA incluído) polos dous anos de duración inicial (107.348,00 € sin IVA). Se inclúe a maiores unha cantidade de 10.000 € anuais IVE incluído para reparacións excluídas da consideración de todo risco (cláusula 3 do Prego de Prescricións Técnicas). En consecuencia e a efectos de consignación orzamentaria, o orzamento máximo do contrato como límite de gasto que pode comprometer o órgano de contratación, ascende á cantidade de 74.945,54 €/año IVA incluído.*

*O valor estimado do contrato, consonte o método de cálculo establecido no artigo 101 LCSP, tendo en conta a posibilidade de prórroga por outros dous anos e a modificación prevista de ata o 10 % do prezo inicial, ascende á cantidade de 258.488,64 €.*

O gasto derivado da presente contratación imputarase á aplicación orzamentaria 03008 1522 21300 na que existe crédito para facer fronte aos gastos derivados da presente contratación no exercicio 2020 (RC nº 220106390), debendo consignarse crédito adecuado e suficiente nas vindeiras anualidades.

Tendo en conta as características do contrato o procedemento a seguir para a súa adxudicación será o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios obxectivos de adxudicación e tramitación ordinaria, consonte o disposto nos artigos 22.1 letra c), 131, 156 a 158, 145 e 146 LCSP.

Nos termos sinalados no artigo 44 LCSP e cláusula 54 do Prego de Cláusulas Administrativas, o presente contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación. O órgano competente para coñecer do recurso especial será o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con dirección electrónica: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>

Segundo establece o artigo 117 LCSP, unha vez completado o expediente de contratación, dictarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A competencia para a aprobación do presente expediente corresponde ao Alcalde Presidente en virtude do Decreto asinado en data 29.10.2020 polo que avoca para si tódalas competencias delegadas na Xunta de Goberno Local como consecuencia da declaración por Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, do estado de alarma.

A aprobación do expediente irá precedida dos **informes favorables da Secretaría Xeral e da Intervención Municipal** ao abeiro do disposto na DA 3ª LCSP, apartados 3 e 8.

Examinado o expediente instruído e a documentación que o acompaña e de conformidade co establecido nos artigos 116, 117 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público por la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **unha vez emitidos os preceptivos informes da Secretaría Xeral e da Intervención municipais, propónse ao concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, CRI e Organización Interna a elevación á Alcaldía-Presidencia como órgano de contratación competente da seguinte proposta de resolución:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación do **SERVIZO DE MANTENIMENTO DE APARELLOS ELEVADORES E PORTAS AUTOMÁTICAS E MOTORIZADAS DO CONCELLO DE FERROL** e outorgarlle o seguinte número de expediente **AVH 03008 20/06**.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe de 149.891,08 € (21% IVA incluído) e imputalo á aplicación 03008 1522 21300 do orzamento municipal consonte o seguinte desglose estimado de gasto:

ANUALIDAD	IMPORTE
2020	18.736,38 €
2021	74.945,54 €
2022	56.209,16 €

**TERCEIRO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto consonte o disposto nos artigos 156 a 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios de valoración e tramitación

ordinaria nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e dos documentos do expediente que conteñan a información referida no artigo 63.3 LCSP.

No obstante, vostede decidirá o que considere máis oportuno”.

Visto o informe xurídico favorable da oficial maior e o informe de fiscalización favorable da Interventora Municipal nº251/2020 de data 19.11.2020

En atención ao anteriormente exposto, visto o expediente instruído e a documentación que o integra; examinada a proposta transcrita xunto coa documentación acompañada e visto o informe xurídico favorable da oficial maior e o informe de fiscalización favorable da Interventora Municipal; e tendo en conta a resolución da Alcaldía-Presidencia de data 29.10.2020 **elévase a seguinte proposta de resolución á Alcaldía-Presidencia, como órgano de contratación competente:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación do SERVIZO DE MANTENIMENTO DE APARELLOS ELEVADORES E PORTAS AUTOMÁTICAS E MOTORIZADAS DO CONCELLO DE FERROL e outorgarlle o seguinte número de expediente **AVH 03008 20/06**.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe de 149.891,08 € (21% IVA incluído) e imputalo á aplicación 03008 1522 21300 do orzamento municipal consonte o seguinte desglose estimado de gasto:

ANUALIDAD	IMPORTE
2020	18.736,38 €
2021	74.945,54 €
2022	56.209,16 €

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto consonte o disposto nos artigos 156 a 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria nas condicións e prazos indicados nos Pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e dos documentos do expediente que conteñan a información referida no artigo 63.3 LCSP.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, CRI e Organización Interna

**DECRETO:**

*Vista a proposta que eleva o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, CRI e Organización Interna , veño en aprobala nos seus propios termos.*

*Así o manda e asina o Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol ante o Secretario Xeral na data que consta nas sinturas dixitais.*